Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.org

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

REXISTRO DE ENTRADA

Concello de Vilanova de Arousa

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

SOLICITUDE DE LICENZA DE PARCELACIÓN, SEGREGACIÓN E OUTROS ACTOS DE DIVISIÓN DE TERREOS

URB-LIC-004

INTERESADO

APELIDOS	NOME	N.I.F.		
DENOMINACIÓN SOCIAL		N.I.F.		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	NÚMERO	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
MUNICIPIO	PROVINCIA			
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO		

REPRESENTANTE

APELIDOS	NOME	N.I.F.		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	NÚMERO	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
MUNICIPIO	PROVINCIA			
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO		

PARCELA

SITUACIÓN DA PARCELA (RÚA/LUGAR)	Nº/KM.
REFERENCIA CATASTRAL	

DIVISIÓN

DESCRICIÓN	SUPERFICIE A PARCELAR/SEGREGAR/DIVIDIR
	Nº PARCELAS RESULTANTES

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE

Que é certo o que manifesta, e, en todo caso:

- Que son certos todos os datos recollidos nesta solicitude.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal ao Concello de Vilanova de Arousa á comprobación telemática ante outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas a esta solicitude de licenza.

En ..... a ..... de ..... de .....

Sinatura do/a interesado/a: Nome e N.I.F.: .....

ADVIRTESELLE Á PERSOA ASINANTE DA SOLICITUDE QUE, de acordo co disposto no artigo 11.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, os actos que autoricen parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de fincas, cando non formen parte dun proxecto de parcelación urbanística, serán expresos, con silencio administrativo negativo.

De acordo ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vilanova de Arousa. En calquera momento poderá exercitar os seus dereitos de aceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo a través de escrito presentado no Rexistro do Concello.

RELACIÓN DE ACTOS SUXEITOS Á OBTENCIÓN DA LICENZA MUNICIPAL

- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR (1 COPIA EN PAPEL E 1 COPIA EN DOCUMENTO ELECTRÓNICO ASINADA DIXITALMENTE)

- ☐ Persoa física: Fotocopia do N.I.F. No caso de que se compareza en representación doutra persoa acompañarase, ademais da fotocopia do N.I.F. do representado, o documento que acredite debidamente a representación.
- ☐ Persoa xurídica: a persoa que asine a solicitude achegará a documentación acreditativa da súa representación (fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, poder, etc.).
- ☐ Descritiva gráfica catastral das parcelas afectadas pola parcelación, segregación ou acto de división de terreo.
- ☐ Escritura pública de propiedade do terreo. Dita escritura deberá estar inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición catastral.
- ☐ Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- ☐ Proxecto de parcelación subscrito por técnico competente (1 copia en papel adicional por cada organismo sectorial no caso de que teña que remitirse dende o concello) que incluirá:
  - Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico de Vilanova de Arousa e ao réxime legal de formación de parcelas e predios. Xustificará o parcelamento e describirá tanto o/s predio/s inicial/is como os resultantes, con indicación da referencia catastral, dos lindeiros, superficies bruta e neta, descrición das edificacións existentes na parcela (coas superficies construídas e de ocupación, e cálculos de ocupación e edificabilidade de acordo co planeamento urbanístico) e, para as resultantes, indicarase as que sexan obxecto de cesións, se procede.

    En caso de parcelacións en solo de núcleo rural, xustificarase que a división proposta non desfigura a tipoloxía do núcleo.
  - Proforma de documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.
  - Plano de situación cos predios afectados.
  - Plano parcelario acoutado do predio, a escala axeitada e con base cartográfica topográfica, con indicación dos lindes, aliñacións e superficies bruta e neta e aproveitamento materializado, se é o caso (indicará para as edificacións existentes o seu uso así como as superficies ocupadas e edificadas).
  - Plano do parcelamento acoutado con indicación dos lotes propostos, reflectindo a aliñación, os lindes, superficie bruta e neta e os terreos que serán obxecto de cesión, se é o caso.
  - Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.
  - Fichas individualizadas e descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas conterán a situación do predio, indicando se está edificado ou non; plano acoutado con expresión dos lindeiros; clase e categoría do solo; uso do solo; se dispón de edificación/s, indicará a altura, volume e situación da/s edificación/s, así como as superficies ocupadas e construídas e cos cálculos de ocupación e edificabilidade máxima da parcela, así como do xa materializado; indicarase a súa calidade de indivisible, se procede.
- ☐ Reportaxe fotográfica da parcela e das edificacións existentes, de ser o caso, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
- ☐ En caso de proxectos sen visado colexial, declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais, de xeito que permita a súa identificación, e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- ☐ Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais emitidos polos organismos estatais ou autonómicos competentes, cando sexan legalmente esixibles para o/a interesado/a, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento nalgún ou varios dos seguintes ámbitos:

  ☐ Costas ☐ Augas ☐ Estradas ☐ Deputación Provincial ☐ Patrimonio ☐ Outro (indicar) .....